

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 17/01/1958

Colección:

Data: 17/01/1958

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 17/01/1958

Bos Aires, 17-01-1958.

Moi estimado amigo:

Gracias, pol-a sua garimosa lembranza nas datas sempre doentes para min, retribuíndolles eu cos millores desexos, os seus de que iste aninovo recién comenzado, nos colme de boa ventura e boa sadiña en particular.

Aproveitando ista circunstancia de lle escribire, e como nada me di en col a unha carta que a poucos días de se ausentaren vostedes de este país lle mandei a Vigo, volvo a insistir hoxe sobor de aquel asunto, por coidar, que unha vez solucionado, evitará que o moleste novamente en moito tempo. Meu pedido era, i e, de que cando vostede pase por Pontevedra, faga por “roubarlle” un instantiño as suas ocupacións, pra lles mandar da miña conta do Banco (18.846.66 ptas anotadas en carta sua data 26 de marzal 1957) 1.000 a Clemencia, calle de Valencia 23 Salamanca, e outras 1.000 a unha sobriña, afillada benquerida de Castelao, que se chama Paz González de Cot, que vive en Barcelona Av. José Antonio 753-bis-4^o-la. Como as “favorecidas” co premio de 1.000 pesetas, saben que as tiñan que recibire por meio de vostede, están un pouco alarmadas, a medida que o tempo pasa sin que “aquelas” cheguen a seu poder. Apúrese pois, canto poida, amigo Valentín, e reciba mooitas gracias por elas e por min. As pesetas restantes da conta corrente, son pra que, mas remita a min, según conviñemos cando falamos, e como dentro de poucos meses chegará de visita a isa incomparable TERRA un amigo común noso, penso que por íl será o mellor modo de remitirme isa cantidade. E novamente gracias.

Por eiquí o vrán anda un pouco tolo, e as cousas máis ou menos. Conforme as datas das elecucións vai chegando, máis empioran os ánimos porque a “breva” que por podre que estea todos lle querenincar o dente, cega aos “famentos” de mando, e zorréganse a máis e mellor na propaganda que ese está levando a cabo. Que ruín e que porca é a política. Iamos ben con este goberno de xente seria e decente, i agora preséntase un intre crucial pra a Arxentina. Esperemos. ¿Que tal os trata por ahí a invernia? Supoño que Pilar andaraxa ben da súa doenza, e Alfonsiño conquerindo cada intre máis simpatía. Pra eles e vostede unha fonda aberta.

Virxinia

Espero que sea “bo” Valentín, facendo o favor que lle pido.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.